


MIL PASOS

The background is a solid yellow color with several white circles of varying sizes scattered across it. One large circle is in the bottom-left corner, and several smaller circles are in the top-right, middle-left, and bottom-right areas.

Xa van oito edicións da celebración do Arde Lucus e ano tras ano contamos cun maior número de participantes nesta festa na que lucenses e visitantes reviven o pasado romano de Lugo. É grazas a grupos como Palimoco Teatro que todos os que se achegan ata a cidade amurallada teñen a oportunidade de coñecer a historia e o esplendor da urbe no momento do seu nacemento como Lucus Augusti.

Cos seus espectáculos enchen os emplazamentos emblemáticos do centro histórico de Lugo, recreando escenas da sociedade romana e facendo soñar co mundo máxico do pasado.

Dende o Concello de Lugo quero agradecer a esta agrupación o seu esforzo para contribuir ao éxito dunha celebración que se consolidou xa como un dos acontecementos con maior relevancia na cidade e como un referente nas festas históricas do verán. Hoxe xa é un gran atractivo turístico, cultural e festivo co que disfrutan miles de persoas e isto é posible grazas ao traballo en equipo de moita xente.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

**Carmen Basadre**

Concelleira de Xuventude

PERANTE O ARDE LUCUS 2008, PALIMOCO TEATRO TEN O  
PRACER DE PRESENTAR O PROXECTO

## “MIL PASOS. O RATO DE BIBLIOTECA”

O PREOXECTO MIL PASOS TEN COMO FINALIDADE ACHEGAR  
A HISTORIA DA NOSA CIDADE A TRAVÉS DO TEATRO. NESTE  
CASO DENDE OS PRIMEIROS HABITANTES DESTAS TERRAS,  
“OS COPORI” ATE A INVASIÓN DA CIDADE POLOS SUEVOS.  
SUPÓN O PRIMEIRO PROXECTO DE PALIMOCO TEATRO NO  
ÁMBITO PROFESIONAL E AGARDAMOS QUE SEXAN MOITOS  
MÁIS, GRAZAS AO APOIO E AO TRABALLO DUN EQUIPO QUE  
VAI MÁIS ALÓ DA PROPIA COMPAÑÍA.

POR TODO ISTO ESTAMOS SUMAMENTE AGRADECIDOS A  
TODOS OS QUE FAN POSIBLE QUE SIGAMOS SOÑANDO E  
VIVINDO O MISTERIO DO TEATRO.

**PALOMA LUGILDE**  
Directora de  
Palimoco Teatro

ESCENA 1

# NA BIBLIOTECA HAI MOITO PÓ E UN LIBRO TOLO

**Horacio:** Baixa!

**Libros:** Baixa, baixa, baixa...

**Horacio:** Ven pacó!

**Libros:** Pacó, pacó, pacó...

**Horacio:** ¿Queres baixar dunha vez?

**Libros:** Vez, vez, vez...

**Horacio:** Xa está ben

**Libros:** Ben, ben, ben...

*Os libros son liberados polo libro tolo. Non paran de falar... levan tanto tempo calados...*





BLI, BLI, BLI, BLI, BLI, BLI,  
BLI, BLI, BLI, BLI, BLI, BLI,  
BLI, BLI, BLI, BLI, BLI,  
BLI, BLI, BLI

**Horacio:** Meus libros!

-Bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla,  
bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla

-Bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli,  
bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli

**Libro Tolo Bla 1:** O primeiro que se facía cando alguén morría era repetir o seu nome tres veces. Por exemplo Hermenexildo

**Libro Tolo Bli 1:** Hermenexildo vaia nome lle foron poñer

**Libros Tolos Bla:** Hermenexildo, Hermenexildo, Hermenexildo

**Blis:** 1842

**Libro Tolo Bli 1:** Causa inevitables nun primeiro momento dun descubrimento deste especie

**Libro Tolo Bli 2:** Piqueta dos albaneis ao remover os escombros

**Libro Tolo Bli 3:** Ensaíase adherido a un taboleiro de madeira cuberto dunha composición de materia resinosa

**Libro Tolo Bli 4:** Cuberto por grandes lousas, que se ben evitan a súa completa destrución non a resgardan do lixo, nin das augas cuxa acción rebrandece cada día máis e máis a parte especial sobre a que está feita a pintura

**Libros Tolos Bla:** Claro, claro, claro

**Libro Tolo Bla 1:** Os mortos dábaselles un bico para recoller o derradeiro salouco de vida que lles quedaba no corpo  
*Os bla, aspiran, e os bli bican ao aire. Os Bla respostan cun ja!*

**Libro Tolo Bli 1:** Proxecto

**Libro Tolo Bli 2:** Contraproxecto

**Libro Tolo Bli 3:** Orzamento

**Libro Tolo Bli 1:** Proxecto





cos de mosaico

**Libros Tolos Blis:** Diario de Lugo de 1880

**Blas:** Ahhhh!

**Libro Tolo Bla 1:** Os mortos levábanse á necrópole

**Libros Tolos Bla 2, 3 e 4:** Actualmente capela de San

Roque

**Libro Tolo Bla 1:** Acompañaban

**Libro Tolo Bla 2:** Tíos

**Libro Tolo Bla 3:** Primos

**Libro Tolo Bla 4:** Sobriños

**Libro Tolo Bla 2:** Pais

**Libro Tolo Bla 3:** Nais

**Libro Tolo Bla 4:** Imáns

**Libro Tolo Bla 2:** Avós

**Libro Tolo Bla 3:** Avoas

**Libro Tolo Bla 4:** Amigos

**Blis:** E demais familia

**Libro Tolo Bla 1:** Incinerábanse e logo soterrábanse

**Libro Tolo Bli 3:** *El muerto al hoyo y el vivo al bollo*

**Libro Tolo Bli 4:** O motivo principal do mosaico presenta

unha composición de tema mariño, presidido pola cabeza

do deus Océano...rodeado de

**Libro Tolo Bli 1:** peixes

**Libro Tolo Bli 2:** moluscos

**Libro Tolo Bli 3:** crustáceos

**Os bla:** E flores de auga

- Bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla,

bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla, bla

- Bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli,


bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli, bli

BLI, BLI, BLI, BLI, BLI, BLI,

BLI, BLI, BLI, BLI, BLI, BLI,

BLI, BLI, BLI, BLI, BLI,

BLI, BLI, BLI



**Libro Tolo Bla 1:** Os mortos sempre son mortos. Na época castrexa, romana, sueva, visigoda, medievo, séculos escuros, rexurdimento, século XX ou agora

**Libro Tolo Bli 4:** No mosaico ao lado do motivo principal estendese unha alfombra xeométrica de motivos variados. O mosaico descuberto a mediados do s XIX

**Libro Tolo Bli 2:** Esténdese por unha lonxitude de 21'72 m

**Libro Tolo Bli 1:** Dos cales 12 m consérvanse parcialmente elementos decorativos

**Libro Tolo Bli 3:** *Esvolto y elegante ciervo saliendo de una hoja de acanto*

*Loita entre os Blis e os Bla*

*A loita a separa Horacio*



ESCENA 2

## A CHAMADA





*Escóitase unha chamada que en principio Horacio non quere atender. Ante a insistencia dos libros colle o teléfono:*

**Victoria:** Bo día

**Horacio:** Boa noite

**Victoria:** Bueno, pois boa noite

**Horacio:** Seu nome

**Victoria:** Victoria Iglesias

**Horacio:** Ben e que?

**Victoria:** Eu quería falar con Don Horacio

**Horacio:** Non está

**Blis e Blas:** *Gruñen*

**Horacio:** Ben, Don señor Excelentísimo, maravilloso e magnifico, Horacio son eu

**Victoria:** Ben, moitas grazas, mire vostede non me coñece, pero bueno, son estudante

**Horacio:** Estudante?

**Libros:** Estudante!



**Victoria:** Si, estudante

**Horacio:** Non gosto de estudantes

**Victoria:** ¡Ah!

**Horacio:** Prosiga

**Victoria:** Son estudante da Escola de Artes Aplicadas Ramón Falcón de Lugo

**Horacio:** Xa unha artista

**Libros:** Unha artista!!!

**Victoria:** Bueno, pois eu quería *a partir de agora esperan a dicilo á vez Victoria e Horacio, xa que Horacio está canso de escoitar sempre o mesmo cando chega o fin de curso*

**Victoria e Horacio:** A min para o proxecto de fin de carreira pídenme que faga un traballo que recolla a fundación de esta nosa cidade por Paulo Fabio Máximo por encargo do emperador Augusto

**Victoria, Horacio e Libros:** Pensaba utilizar a efixe del que aparece nunha moeda e poñer o texto gravado que atoparan no monolito de 2.75m de altura por 0.60 de ancho e 0.35 rematado en frontón semicircular e coa base semidesbastada  
O texto reza: Momento Augusto, fundador da cidade Paulo Fabio Máximo, legado de Cesar

**Todos:** bla, bla, bla, bla, bla

**Horacio e Victoria:** bla, bla, bla, bla, bla





**Victoria:** bla, bla, bla, bla, bla

**Horacio:** E as ratas?

**Libros:** Iso, e as ratas?

**Victoria:** As ratas?

**Horacio:** Si, as ratas

**Horacio:** Voulle, facer unha pregunta. Se me permite a artista claro?

**Victoria:** Dígame

**Libros:** Non, non!!

**Horacio:** A ver...

**Victoria:** Estou altamente documentada



**Horacio:** Je, je  
**Libros:** Ja, ja


**Victoria:** Si, paseime en internet buscando nos principais portais de romanos

**Horacio:** En internet.....!!  
*Os libros rompen e Horacio enfada ante a resposta de Victoria*

**Horacio:** Mañá na biblioteca do museo provincial . Sabe onde está, non? E sabe o que é un museo non? E unha biblioteca non?..... (pipipipipipi)

*Horacio aloumiña e coloca os seus libros*





ESCENA 3

## 1ª ENTREVISTA. OS COPORI

*Victoria entra na biblioteca. Os ollos dos libros os perseguen coa mirada dun lado a outro. Senta na cadeira*

**Horacio:** Antes da chegada dos romanos a Galicia que a poboaba?

**Victoria:** Os celtas

**Horacio:** Ja! ERROR. Os copori

**Victoria:** Os que?

**Horacio:** Os copori C, O, P, O, R, I

**Horacio:** Persoas normais de carne e oso que comían, bebían, amaban, odiaban e rían igual que nos.

*Os Libros representan aos pobos dos Copori, o seu día, o seu traballo, os namoramentos e os nenos*





ESCENA 4

2ª ENTREVISTA.  
O CAMPAMENTO



**Horacio:** A antiga Lucus Augusti Romana, esta situada sobre unha zona achaiada do espairon que delimita os cursos dos ríos

**Victoria:** Miño e Rato

**Horacio:** Características da paisaxe onde se sitúa

**Victoria:** Sa, despexada, de fácil drenaxe, contando con abundante materia prima para a construción e como xeneroso engadido a existencia nas súas inmediacións dunhas riquísimas surxencias termais

**Horacio:** Lucus Augusti, Bosque sagrado de Augusta?

**Victoria:** Con sin con sá, case que non. As razóns que van definir o primeiro asentamento romano parecen ser máis ben de orde militar e estratéxica

**Horacio:** Qué son as caetra?

*Os libros axudan a Victoria tirando moedas ao aire*

**Victoria:** Moedas que apareceron e que serviron para pagar aos militares do primeiro campamento

*Os Libros convértense en nenos copori que van bañarse ao río. Cando chegan descubren a uns homes diferentes. Chegan os romanos*





ESCENA 5

## 3ª ENTREVISTA. A FUNDACIÓN

**Horacio:** Esta é fácil cando e quen funda a cidade de Lugo

**Victoria:** Paulo Fabio Máximo, legado de Augusto entre os anos 15 e 13 antes de Cristo

**Horacio:** Proxecto de Urbanización levado a cabo por Augusto no marco das decisións políticas

**Victoria:** E administrativa adaptadas tras a conquista resultado da cal sería creación das 3 principais enclaves urbanos do noroeste peninsular: Asturica, Lucus e Bracara

**Horacio:** A lección da cidade como convento xurídico...

**Victoria:** O fluxo migratorio foráneo

*Horacio e Victoria comezan a facer un repaso de todos os datos e os libros constrúen a cidade con grandes pelotas amarelas*



**Libro Tolo Bli 1:** O foro na zona máis alta da cidade.

**Libro Tolo Bli 2:** Dous eixes viarios principais o Cordu Máximus

**Blis:** De norte a sur

**Libro Tolo Bli 1:** Cuxo de curso parece coincidir en parte coa actual rúa da Raíña

**Libro Tolo Bli 2:** E o Decumanus Maximus

**Blis:** De este a oeste

**Libro Tolo Bli 1:** Que, partindo do interior do foro percorría lonxitudinalmente a actual rúa Armayná

**Libro Tolo Bla 3:** Gran edificio termal na rúa Armayná, catedral e bispo basulto

**Todos:** Foro

**Todos:** Cardus Maximus

**Todos:** Decumanus máximos

**Todos:** Ínsulas

**Todos:** Termas

*Victoria atopa no chan unha foto*


**Victoria:** E esta muller?

**Horacio:** Que muller?

**Victoria:** A desta foto?

**Horacio:** De onde sacaches a foto? Fóra, fóra, fóra. Esta foto e miña

*Os Libros e Horacio entristecen. Victoria volta á súa casa. O Libro Tolo 1 busca a foto e en soños lla leva a Victoria*



ESCENA 6

## 4ª ENTREVISTA. A AUGA

**Horacio:** Canto maior sexa a inclinación con maior facilidade correrá a auga.....

**Construtora 1 (Victoria):** Unha vez que a auga chegue a cidade debese construír un depósito e unido o depósito instalaranse 3 tubos repartidos por igual cara o interior dos rectángulos anexos, de forma que cando reborde a auga dos exteriores reborde cara o central. No rectángulo central colocaranse a cometida para todas as fontes. Dun dos exteriores sae a auga para os baños que anualmente proporciona rendas ao pobo. Da terceira sumístrase ás casas privadas, pois as particulares non poderían facer entroncamentos, xa que terán conducións propias dende o depósito. O motivo polo que establezo esta división é que aqueles que tomen a auga para as súas casas coas rendas que paguen os recadadores, contribuirán ao mantemento dos acuedutos

**Construtora 2 (Libro Tolo Bla 3):** Pero se queremos que o gasto sexa menor procederase como segue, faranse tubos cerámicos de paredes con grosor no inferior os dous dedos ... as conducións por tubos cerámicos teñen ademais estas vantaxes: en primeiro lugar no tipo de traballo porque se houbera algunha avaría calquera podería reparala. Tamén porque a auga que ven por estes tubos e moito máis sá ca que ven pola de chumbo que parece que se contamina, xa que del sae o albaialde, que se di que é prexudicial para as persoas





**Horacio:** Seguir o sentido das augas. Zona de captación: "O Agro do Castiñeiro"

**Libro Tolo Bli 1:** Topónimo hoxe en día esquecido, localizado dentro de unha grande area denominada Ponte de Pías

**Libro Tolo Bla 2:** No actual barrio da Piringalla

**Horacio:** O conduto xeral: transportaban a auga captada desde municipios do Castiñeiro ata a cidade

**Libro Tolo Bli 1:** Rúa, Juana la Loca

**Libro Tolo Bli 1:** Rúa Mazaro

**Libro Tolo Bla 4:** Rúa da Milagrosa

**Horacio:** Salvar a pequena depresión, o Specus debe ser levantado... por arcadas

**Horacio:** Chegamos o paso de decantación e o Castellum divisorum

**Todos:** Debía situarse no lugar máis alto permitindo a posterior distribución da auga. Rúa San Marcos e Rúa do Progreso



ESCENA 7

# CHEGADA DOS SUEVOS



**Victoria:** E as ratas?

**Libros:** As ratas?

**Horacio:** Hai confianzas que matan

*Os libros transfórmanse nas ratas dos sumidoiros que contan a chegada dos suevos*

**Horacio:** Os Suevos rompen a tregua sagrada, penetran e matan.

Loitan

**Victoria:** Que horror

**Horacio:** É a condición humana

**Victoria:** E querían ser urbanitas



ESCENA 7

## O AGASALLO. UXÍA

*Victoria agasalla ao rato da biblioteca cunha estatua, reprodución da súa secretaria da que el ficara namorado en tempos pasados (a muller da foto Uxía). Semella que poida escoitar aínda a súa voz.*

**Uxía:** Meu amor. Meu pequeno rato de biblioteca goza e conta as túas historias, necesitan do teu saber. E non sexas tan cascarrabias meu pequeno rato de biblioteca. Quérote.





## ELENCO

### **Paula Buján**

Arquitecto

### **María José Campo**

Uxia

### **Rafael de la Fuente**

Neno valente

### **Carlos Díaz**

Bla

### **Alba Fernández**

Libro Tolo e Rata Maior

### **Ana Ferreiro**

Libro Roto

### **Laura García**

Victoria Iglesias

### **Sabela Martínez**

Libro Roto

### **Bruno Martínez**

Bli

### **Esteban Puebla**

Construtor Tolo

### **Alberte Viveiro**

Horacio

### **Todos en**

libros, coporis, romanos, auga, ratas e suevos

## EQUIPO ARTÍSTICO

### **Producción**

Palimoco Teatro

### **Fotografía**

Mario García

### **Diseño programa**

“Deseño”

### **Catálogo-libro**

TATATA

### **Realización vestuario**

Chelo Trinidad

### **Rexiduría**

Blanca Tejero, Tania Rodríguez  
e Noelia Rodríguez

### **Distribución**

Alberte Viveiro e Alba Fernández

### **Prensa**

Maica García

### **Espazo escénico e sonoro**

Paloma Lugilde

### **Creación e Dirección**

Paloma Lugilde

Agradecementos especiais a

Rafael de la Fuente e Luzson



Ana Ferrero



Bruno Martínez



María José Campo



Alba Fernández



Carlos Díaz



Rafael de la Fuente



Esteban Puebla



Paula Buján



Laura García



Sabela Martínez



Alberte Viveiro



